

XOGOS E XOGUETES TRADICIONAIS

Desde o punto de vista antropológico e cultural o xogo sempre formou parte de todas as accións humanas, constituíndose nun elemento cultural de primeira índole. Xa desde as culturas máis primitivas se recollen xogos e xoguetes que contribuíron ao desenvolvemento evolutivo do ser humano formando parte do seu tempo de lecer así como das relacións sociais e laborais.

En Galicia podemos destacar os seguintes xogos tradicionais:

- A CHAVE, A BILLARDA, A RA
- PEÓNS E BUXAINAS
- OS BIRLOS, A ZOADEIRA
- O BRILÉ, A PORCA, AS CANICAS
- A MARIOLA, O GATO E O RATO
- AS CHAPAS, AS LOMBAS
- CARREIRAS DE SACOS, O PANO
- TIRA DA CORDA, A CORDA,
- OS PELOUROS, A CADEA.....



**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

EDUARDO BLANCO AMOR S/N
15100-CARBALLO


Tel.: 981702356
Fax: 981758260
ceip.acristina@edu.xunta.es



CEIP "A CRISTINA" - CARBALLO

UN XOGO UN XOGUETE, UN CONTO UN LIBRO, UNHA
DANZA UN FESTEXO, UN OFICIO UN MOTIVO

**Iª XORNADAS
LUDICULTURAS
(DO 19 AO 31 DE MAIO)**



PARTICIPA E CONVIVE



XORNADAS LUDICULTURAIS 2010 - CEIP "A CRISTINA" - CARBALLO

As **xornadas ludiculturais** organizadas polo colexio pretenden acercar o coñecemento da cultura e das tradicións ao alumnado e familias, contribuíndo ao coñecemento daquelas actividades representativas da comunidade e entorno onde se sitúa este colexio.

Ademáis de ser un referente para a conservación e promoción de xogos, danzas, literatura oral popular, etc... pretende acercar ás familias a participación activa no desenvolvemento das mesmas, facilitando o acceso para que as mesmas se conviryan en dinamizadoras desa cultura tradicional, sempre tendo como obxectivo ou finalidade a mellora da convivencia entre tódolos membros da comunidade educativa.

Sirvan estas xornadas como iniciativa para o fomento da cultura e tradicións galegas no ámbito escolar e como referente que implique unha participación máis activa das familias nas actividades organizadas no colexio, de tal xeito que se sintan coresponsables coa educación e formación dos seus fill@s.

O resultado e implicación das familias dependerá de que a estas xornadas perduren no tempo polo que agradecemos a vosa colaboración para a súa continuidade.

ACTIVIDADES PROGRAMADAS

Mércores 19: XORNADA INAUGURAL

Xornada inaugural coa actuación do grupo de gaitas FOL DO VENENO de Carballo a partires das 13 horas. Xornada aberta aos pais/nais de alumn@s.

Martes 25: Xornada didáctica sobre danzas tradicionais(1º a 6º primaria).

Colabora: AGRUPACIÓN CULTURAL ARUME de Carballo.

Venres 28: Obradoiro de lingua escrita con ANXO FARIÑA para o 3º ciclo de educación primaria.

Do 19 ao 31:

1. Participación de pais/nais de alumn@s de infantil e 1º ciclo de educación primaria no desenvolvemento de **XOGOS TRADICIONAIS**.
2. **XOGANDO COAS TRADICIÓNIS**: xogos tradicionais entre alumn@s de diferentes niveis organizados polo profesor de E.F.
3. **Sesións de CONTACTOS** para os nen@s de educación infantil e 1º ciclo de primaria, contados polas familias.
4. **Obradoiro de XOGUETES TRADICIONAIS**.
5. **Obradoiro de PALILLEO**.
6. **Obradoiro de CESTERÍA**.
7. **Obradoiro de ABALORIOS**.

8. Obradoiro de **TECIDO**

9. Obradoiro de **GAITA**

10. Obradoiro de **DANZAS TRADICIONAIS E PANDEIRETA**

11. Obradoiro de **INSTRUMENTOS SONOROS**

12. Exposición do traballo desenvolto polo colexio e premiado pola Fundación Antón Fraguas, "AS ADIVIÑAS NA FALA VIVA" no corredor da planta baixa. Horario de acceso para as familias de 10 a 10:30 e de 15:15 a 15:45.

Ademais de outras exposicións de traballos de alumn@s de diferentes ciclos nos corredores.

Luns 31: CLAUSURA DAS XORNADAS

Peche das xornadas coa participación da ASOCIACIÓN CULTURAL NEMETH de Carballo con danzas tradicionais a partires das 15:45 ate as 16:45 horas. Xornada aberta aos pais/nais de alumn@s.

AGRADECIMENTOS A TÓDOLOS FAMILIARES DE ALUMN@S DESTE COLEXIO POLA SÚA COLABORACIÓN, ASÍ COMO AS ASOCIACIÓNS CULTURAIS DE CARBALLO POLA SÚA PARTICIPACIÓN NESTAS XORNADAS. ESPERAMOS CONTAR CONVOSCO EN POSTERIORES EDICIÓNS. MOITAS GRAZAS